

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 15 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de ordenación forestal do monte veciñal en man común de Santa Mariña, na parroquia de Santa Mariña de Lagostelle, concello de Guitiriz (expediente 2021/0163).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 14 de marzo de 2023, do proxecto de ordenación forestal do monte veciñal en man común de Santa Mariña, na parroquia de Santa Mariña de Lagostelle, no concello de Guitiriz (Lugo), promovido pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa Mariña.

A dita declaración poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n).

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade
e Cambio Climático

CVE-DOG: x3jq23n8-foy7-lsq1-uva7-ikubczfeusk6

